

CARTAS AL DIRECTOR

Irmandade da Sanidade Galega

Calquera manual deontolóxico debería dicir que o primeiro que precisa o doente é sentirse accollido de maneira personalizada. Iso implica, entre outras cousas, a utilización da lingua de uso do paciente para poder informalo con afectividade e dárle toda a información necesaria para a súa tranquilidade.

Na historiografía da medicina en Galicia foron moitos os médicos que avalaron este aserto. Contaba o doutor García Sabell, cando facía as súas prácticas en Madrid con Gregorio Maraón, o caso dun galego cun problema psicodramático que só desbloqueou a súa mente e puxo en marcha o seu propio proceso terapéutico cando lle empezaron a falar na lingua da súa infancia.

O encontro clínico nunca debería ser concebido desprovisto da compoñente cultural. O usuario que acude a un dispensario médico ou hospital, cando presenta a queixa ou estrutura os síntomas introduce o contexto cultural do que procede. De aí que a lingua e a cultura dun pobo deba ser utilizada como instrumento terapéutico.

Este pensamento estivo presente na chamada Escola Médica Galega, que foi o movemento científico que mellor entendeu e incorporou á súa actividade os elementos fundamentais da antropología médica. Desde Varela de Montes deica hoxe, fóronse sucedendo en Galicia figuras senlleiras na medicina: Xesús Rodríguez López, Rodríguez Cadarso, Nóvoa Santos, etc... unha escola tronzada pola Guerra Civil que, sen embargo, rebrotou anos despois con Rof Carballo, García Sabell, López Nogueira e moitos outros que procuraron a inculturación do saber científico para un mellor tratamento das doenzas e dos doentes.

Galicia foi terra aboada para crear unha tradición de médicos humanistas sempre preocupados pola contorna social, cultural e lingüística. Médicos rurais que sempre utilizaron a lingua galega cos seus pacientes, estudantes da nosa antropología, que teñen doutores Emilio González Fernández, Santiago Lamas Crego e David Si-

TRIBUNA DEL LECTOR

Xosé González Martínez*



mon Lorda os mellores expoñentes. Forxaron un modelo de exercicio profesional, afondando no coñecemento da idiosincrasia do enfermo galego. O compromiso coa lingua galega e traballos de investigación propiciaron unha corrente científica que dignifica á medicina galega. Nesa nómina temos que incluír aos doutores Ramón Obella Vidal, fundador dos laboratorios Zeltia e a Antón Beiras, médico de prestixio, que foi requirido por moitos congresos internacionais de oftalmoloxía para dar conta das súas investigacións sobre o extravismo, e o "Vigoscopio", aparato que el deseñou para a súa corrección. Por primeira vez na historia un investigador da súa talla disertou en lingua galega nun congreso médico internacional. "Eu disertei en lingua galega -dixo o doutor Beiras- porque na miña lingua tamén se pode facer ciencia; para chegar a tales conclusións tiven que aprender antes, alemán, inglés e francés".

Para recuperar o vello espírito do galeguismo científico e humanístico nace a IRMANDADE DA SANIDADE GALEGA (ISAGA); e faino coa vontade de ser herdeira da Escola Médica Galega, na que terán tamén cabida todos os profesionais da sanidade amais dos médicos: enfermeiros, boticarios, persoal de xestión administrativa, traballadores sociais, etc... Todos farán posible o rexurdimento dun movemento que dignifique a lingua galega e o respecto dos dereitos lingüísticos dos doentes. Porque, como ben di o doutor Pablo Vaamonde, "boa parte dos prexuízos lingüísticos están na relación de dependencia do doente perante o persoal sanitario que o coloca nunha situación de inferioridade. A ocultación da lingua propia ten a súa explicación nesa subordinación ao ser superior que o pode curar".

O próximo día 29 do mes que andamos, celebrarase no concello da Estrada a constitución da Irmandade da Sanidade Galega. Renderáselle tamén unha homenaxe ao médico Manuel Reimondez Portela, exemplo de médico galeguista e humanista.

* *Presidente do Foro E. Peinador*

El fin de ETA: calma, tranquilidad y sosiego

La importancia del hecho del anuncio unilateral por parte de ETA del fin de la acción armada, debido al aislamiento político, nacional e internacional, al buen trabajo de policía, guardia civil y servicios de inteligencia y sin ningún tipo de contrapartida, está provocando una euforia que conviene enfriar.

Además del riesgo que, de las pocas decenas de terroristas activos y aún libres, algunos pocos se descuelguen y, si tienen acceso a las armas, intenten una operación del tipo "ETA auténtica" existen algunas certezas que hay que digerir.

La primera es que, tal y como están las cosas, la llamada izquierda abertzale tiene prácticamente garantizado un grupo parlamentario en el Congreso de los Diputados que va salir de las próximas elecciones generales, con lo

que eso supone en términos sociales, políticos, jurídicos y económicos.

Una cuestión no menor es que tendrán tribuna para decir lo que quieran, desde la inmunidad parlamentaria, y los demás, todos los demás, tendremos que admitir que lo digan y no podremos hacer otra cosa que responder solo con la palabra.

Otra es que se den los pasos que se den, e independientemente de la dirección en que se avance, las víctimas más directas siempre estarán insatisfechas y tendrán motivos de queja, porque su deseo más íntimo, el que lo que les pasó no les pasará, es un imposible. Por lo que será necesario evitar que tengan la última palabra, en las decisiones que haya que tomar, aunque nos duela.

Una más, que el peso de rencor que queda por las acciones, de ETA y el que con esa disculpa se siembra desde tribunas públicas, por los que se aprovechan del sistema democráti-

co para envenenar conciencias, no va a desaparecer con la disolución de ETA, al contrario al desaparecer algunas auto-justificaciones, es muy probable que el rencor, que ya se destila a cara descubierta contra el adversario convertido en enemigo, se incremente.

Otra certeza es que la inmensa mayoría de los etarras que aún están libres no se van a entregar, y su oficio tiene amplia demanda "laboral" en este convulso mundo. Demanda que no solo es de parte de estados y organizaciones que actúan al margen de las leyes, algunos servicios de inteligencia de estados, aparentemente libres de toda sospecha, tienen amplia experiencia en fichajes de seres del rasero moral y experiencia personal similares a la de los miembros de ETA. Por lo que su conocimiento de la realidad española podrá ser utilizado contra nosotros, a precio razonable.

Queda mucho camino y trabajo, la alegría de estos días hay que disfrutarla con mucha calma, tranquilidad y sosiego, para que quede alegría a las siguientes generaciones, esas que sí verán el final de ETA, ese final del que hoy estamos disfrutando solo de su principio.

Isidoro Gracia Plaza
Vigo

EL SEÑOR

Don Antonio Martínez Lorenzo

(CACHUTO)
(Jubilado de Citroën)

FALLECIO EL DÍA DE AYER, CONFORTADO
CON LOS SANTOS SACRAMENTOS

D. E. P.

Su esposa, Carmen Suárez Gil; hermana, Luz; hermanos políticos, Antonio, Matilde, Oscar, Fidel, Marujita, Luisina, Toñita, Isabel y Paco; sobrinos, sobrinos nietos, primos y demás familia.

RUEGAN una oración por su alma y la asistencia a la liturgia de la palabra que por su eterno descanso se celebrará HOY, a las SEIS de la tarde, en la capilla del tanatorio de Emorvisa, previa a su incineración, favores por los cuales les anticipan las más expresivas gracias.

Domicilio mortuario: Sala de velaciones número 4 del tanatorio de Emorvisa (Perciró).

EMORVISA: 986 212301

Vigo, 26 de octubre de 2011

Las cartas no deben exceder de 30 líneas, siendo imprescindible que estén firmadas, con el nombre del autor, domicilio, teléfono y una fotocopia del DNI.

De no cumplir estos requisitos no serán publicadas.

También pueden remitirse al correo electrónico: cartas@farodevigo.es